



Arte mozárabe

- Os árabes expandéranse con rapidez pola península desde o ano 711.
- Os grupos que querían seguir sendo cristiáns en territorio musulmán, pagando, podían facelo.
- Son estes cristiáns, en parte islamizados pola convivencia, e á súa cultura, aos que se denomina **mozárabes**.

El Califato de Córdoba en el año 1.002



Arte mozárabe

- Moitos permanecen en Al-Ándalus e outros deciden emigrar (desde IX) para ocupar as terras que os cristiáns ían recuperando polo norte.
- **Isto explica que se chame tamén a arte de repoboación.**
- No século X Galicia baixo a autoridade da monarquía astúr-leonesa e un lugar alonxado do dominio musulmán pero ao que tamén chegaron os mozárabes.

El Califato de Córdoba en el año 1.002

 imprimir



Arquitectura mozárabe


O trazo máis significativo é que estamos ante unha arte cristiá que se alimenta de formas e técnicas musulmáns.



Arquitectura mozárabe

A arquitectura mozárabe

- O principal foco mozárabe foi Toledo.
- A arquitectura é a principal manifestación artística.



Arquitectura mozárabe

Entre os elementos característicos podíamos sinalar os seguintes:


- Material: cachotería, ladrillo, sillares....variado
- Construcións: igrexas de pequeno tamaño, sen fachada principal
- Plantas: basilicais e de cruz pero cun número variado de naves (1, 3) con ábsides de ferradura no interior e rectangulares no exterior



Arquitectura mozárabe

Elementos constructivos:

- Uso do **arco de ferradura** califal, máis pechado que o visigodo e enmarcado por unha moldura chamada **alfíz**
- Emprego de **bóvedas variadas**, de crucería tipo califal, gallonada, de canón, de aresta
- Uso dos **modillóns de rolo** nos tellados con aleiros moi saíntes




Arquitectura mozárabe

- Iluminación escasa a través de pequeños vans que dirixen a iluminación como chorros de luz




Arquitectura mozárabe

- Contraste entre as formas externas cúbicas e as internas curvas
- A decoración é parecida á visigoda



Arquitectura mozárabe

- As construcións mais importantes soen ser igrexas de pequeno tamaño e con plantas variadas.
- Entre os monumentos máis importantes destacan *San Miguel de Celanova* en Ourense, *San Cebrián del Mazote* en Valladolid e *San Miguel de La Escalada* en León



San Miguel de Celanova

Identificación

- OBRA: San Miguel de Celanova
- AUTOR: desconocido
- CRONOLOGIA: mediados do século X (940-942)
- ESTILO: arquitectura mozárabe en Hispania (prerrománica)



San Miguel de Celanova

Descripción formal

- Todas as características que acabamos de ver atopámonas nesta obra

Exterior

Construción relixiosa

- Descoñécese exactamente a súa función: quizáis un **oratorio privado** ou unha hospedería para peregrinos na memoria de Froila, irmán de San Rosendo.
- É o que queda da construción orixinal do **conxunto monástico** fundado por San Rosendo.



San Miguel de Celanova

Descripción formal

Está construída no recinto do mosteiro beneditino de Celanova.

Impresiona pola súa **calidade constructiva excepcional:**

- ✓ A sillería
- ✓ as proporcións coidadas
- ✓ as bóvedas
- ✓ a decoración



San Miguel de Celanova

Descrición formal


Material

- É construída en pedra, granito, cun aparello de gran calidade, disposto a **soga e tizón** e sen morteiro nas xuntas, a oso.



San Miguel de Celanova

Descripción formal



San Miguel de Celanova


Descrición formal

Exterior:

- podemos sinalar as pequenas dimensións (escala humana).
- 8x3,85x6

Tres partes

- **Entrada:** cadrada e tellado a dúas augas. Sobre lintel a inscrición fai alusión a Froila Porta alintelada no lateral
- **Corpo central** a un nivel máis elevado, cadrada. Ten tellado a catro augas e un gran aleiro con modillóns. Ten contrafortes e catro ventás, estreitas e en arco de ferradura
- **A cabeceira** ten externamente forma cadrada e un tellado a dúas augas sobre aleiro denticulado e conta cunha pequena ventá.



San Miguel de Celanova

Descripción formal

- Este exterior refleja, a través do escalonamento de alturas, a compartimentación interna cun claro predominio do corpo central.
- Aprécianse tamén contrafortes externos






San Miguel de Celanova

Descripción formal

No interior podemos distinguir:


- É un espazo moi compartimentado (sucesión de espazos illados).
- Polo tanto está formado por tres unidades espaciais diferentes de anchura e altura, pero harmónicas.
- Cada espazo é de diferente, aínda que todos abovedados.



San Miguel de Celanova

Descripción formal

- **Entrada:** espazo rectangular pequenísimoo abovedado con medio canón tendendo á ferradura
- **Centro:** a cámara principal, de sección cadrada que está a unha maior altura que os outros espazos e está cuberta cunha bóveda de aresta de ladrillo. Esta bóveda érguese sobre arcos formeiros apoiados en modillóns de rolo
- **Cabeceira:** a ábsida está cuberta por bóveda gallonada, con oito plementos, que non se apoian nen en trompas nin en pechinas. É o espazo máis importante, orientado cara a luz. Ten planta de ferradura e é rectangular externamente. **Parece máis un mihrab que unha ábside cristiá.**
-



San Miguel de Celanova

Descripción formal

- Estes tres espazos internos están intercomunicados **con arcos de ferradura** que nos recordan ao mundo califal



San Miguel de Celanova

Descripción formal

- Cabe salientar a rica decoración desta construción que a vinculan co mundo musulmán: o **aleiro voladizo** apoiado en modillóns de rolo con oito lóbulos decorados con rodas con radios e rosetas é unha magnífica mostra disto. O pavimengo tamén é de mosaico con decoración vexetal seguindo modelos musulmáns.





San Miguel de Celanova

Conclusión

- San Miguel aínda que de pequeno tamaño é unha obra de **refinada construción**, elegante, excepcional
- na que sorprende a **riqueza estética** de influencia árabe de todo o edificio e que se ve nos arcos con alfiz, a decoración dos modillóns, as ventás...
- polo tanto unha **excelente mostra da arquitectura mozárabe en Galicia.**

